

Cris Pavón presenta a novela 'Sangue 12,' unha fábula vampírica dacabalo entre o real e o imaxinario

Por **Redacción** - 22/05/2014



Cris Pavón presenta este sábado ás 20 horas (Feira do Libro de Vigo) a súa última novela: *Sangue 12*. O libro, que publica Urco Editora, defínese como unha “novela de feitura bizarra onde se mestura o real e o fantástico dacabalo entre os séculos XIX e XXI preséntasenos unha fábula vampírica que conxuga fíos de feminismo, tecnoloxía e literatura para tecer a historia do delongado transo adolescente da protagonista, unha rapaza que asume os propios devezos e constrúe unha identidade vista como aberrante polos demais.”

Pavón, colaboradora de Letra en Obras, publicou a súa primeira novela hai dous anos: *Limiar de conciencia*, unha obra que foi finalista no Premio Xerais e no García Barros e que, aínda así, tivo auténticos problemas para atopar editor. Profesora de informática no ensino secundario, Pavón foi a última gañadora do prestixioso Certame Nacional de Narracións Breves Modesto Figueirido.